

## AER COMPROBA IN SITU GRAVES FALLOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS NAS OBRAS DO CONCELLO NA MIÑOTEIRA



Na parroquia de Ventosela, no parque infantil da Miñoteira, o Concello de Redondela está executando actualmente a obra dun muro de pedra de importantes dimensións. Para a execución desta obra o goberno local contratou a unha empresa para que fixera o desterro e a continuación procedese ao levantamento do susodito muro con bloques de pedra de granito.

A Agrupación de Electores de Redondela vén de comprobar a grave falta de seguridade na delimitación da obra. Xusto ao lado de onde se están desenvolvendo os traballos atópanse dous parques infantís moi concorridos por cativas e cativos durante a semana e sobre todo durante as fins de semana. Tal como se pode comprobar *in situ*, as rapazas e rapaces acceden á obra sen rematar, pois a empresa executante non delimitou a área de traballos, existindo un alto risco de que estes poidan sufrir unha caída dende o alto do muro. AER pregúntase que tipo de control realiza o goberno local sobre as obras que contratan, quen vela pola prevención de riscos laborais e como é posible que estes aspectos se lles escapen ao director de obra.

Por estes motivos, AER demanda que o goberno local actúe neste caso concreto esixindo o balizado da zona para evitar riscos innecesarios e que asuma os seus deberes de control e fiscalización das contratas que traballan nas obras públicas que contrate.

Redondela, 26 de febreiro de 2018